



Area / Unidade EMPRESA PS0001 AFF	Documento 52717I004E	
Código de verificación  3G1O 664Q 6A65 0Q3P 0PGC	Expediente 527/2022/101	
Data 27-02-2023		

Asunto RESOLUCIÓN para aprobación de anexos, rc e publicación da convocatoria "Mover os baixos"	Interesado
--	------------

Figura no expediente informe proposta emitido pola Xefa do departamento de promoción económica e comercio e pola Xefa do servizo de emprego e empresa, e facendo uso das facultades delegadas pola súa banda pola Xunta de Goberno Local do 28 de xuño de 2019 e en sesión de 21 de novembro de 2022, e as conferidas no decreto da Alcaldía de data 10 de novembro de 2020,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar os anexos correspondentes ás bases da convocatoria de subvencións para ofrecer incentivos económicos a empresas (pemes), autónomos e entidades de economía social que serva para mobilizar locais comerciais baleiros, ao tempo que serve para mellorar o tecido económico e social da Coruña, no marco do Plan de subvencións actividades económicas "Mover os baixos" no exercicio 2022, que se incorporan como anexos ao expediente cos seguintes códigos de documento: 52717I0047 (solicitud); 52717I0048 (anexo 1); 52717I0049 (anexo 2); 52717I004A (anexo 3).

SEGUNDO. Autorizar a adaptación de formato dos anexos anteriores ás especificacións técnicas da sede electrónica municipal.

TERCEIRO. Reter os créditos por un importe total de NOVECIENTOSMIL EUROS (900.000,00€), existindo crédito adecuado e suficiente para atender á convocatoria anterior, imputables á aplicación orzamentaria 60.433.47000 (TRANSF CTES A EMPRESAS PRIVADAS PARA FOMENTO DEL EMPLEO) para o total das seguintes liñas:

Liña	Concepto
A	800.000 euros para pequenas e medianas empresas (Pemes) e persoas autónomas.
B	100.000 euros para Entidades de economía social reguladas na lei 6/2016 do 4 de maio de economía social de Galicia e lei estatal 5/2011 do 29 de marzo.



CUARTO. Autorizar a publicación da convocatoria da subvención de conformidade coa base 3.2.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento

O concelleiro delegado da área de Educación, Memoria Histórica, Innovación, Industria e Emprego.